

Santiso evita con unidade veciñal que supriman un mestre do colexio

A mobilización social liderada pola ANPA "A Xuntanza" conseguiu frustrar os plans da Xunta, que pretendía suprimir unha praza de profesor e agrupar o alumnado de seis cursos en dúas aulas. Educación deu marcha atrás logo de 6 días de concentracións de pais e nais ante as portas do colexio e poucas horas antes de que a veciñanza se desprazase á Coruña para manifestarse ante os edificios administrativos da Xunta. P12



EMPRESA

Promoven a implantación de roldas de vixilancia no polígono P6

MELIDE

Investimento de 455.000 € para reformar o Cantón de San Roque P11

COMARCA

A Deputación comprométese a modificar as curvas do Toxo, en Toques P13

ENTREVISTA



Patricia Gómez,
Sport Moda
P23

O proxecto co que o Atlético quere transformar Melide



A directiva do club asegura ter apoio económico dun inversor privado para construír un macro complexo deportivo na contorna do polígono industrial. P3

Asetem organiza un desfile con moda do comercio local



"Melide está de moda" é o título desta pasarela na que tendas de roupa, calzado e complementos amosarán as súas propostas para a tempada outono-inverno. P5

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Ciberbullying, o acoso perfecto

O inicio do curso escolar coincide coa publicación dun estudo que pon o foco sobre esa parte escura da actividade académica que nada ten que ver cos libros pero que incide en igual medida no desenvolvemento de nenos e adolescentes, especialmente de quen a padece: o acoso escolar.

Elaborado polas fundacións ANAR (Ayuda a Niños y Adolescentes en Riesgo) e Mutua Madrileña, dito estudo pon de manifesto que un de cada catro casos de acoso escolar xa se pode considerar “ciberbullying”, é dicir, aquel exercido a través de dispositivos electrónicos e redes sociais. Teléfono móbil e Whatsapp son o instrumento e a aplicación preferida para acurrallar psicolóxicamente á vítima con insultos, ameazas, fotografías comprometedoras, ou rumores deliberadamente creados e espallados para facer dano.

Vemos que os tempos cambian pero non as actitudes; simplemente o fan os medios e o xeito de exercer presión sobre quen é diferente. Sen deixar marca física pero si psicolóxica. O ciberbullying é o acoso perfeccionado: coa vantaxe de estar 24 horas activo, sen necesidade de dar a cara e polo tanto de non ver tampouco a de quen sofre, con facilidade para facer da humi-



llación escarnio público.

O estudo antes mencionado deixa máis datos preocupantes, entre eles o feito de que o 70% das vítimas do ciberracoso son nenas, de novo as máis prexudicadas por unha sociedade incapaz de liberarse dunhas ataduras machistas que prenden como a pólvora nos máis novos. Acontece que en moitas ocasión ese ciberracoso da escola se transforma en control obsesivo durante a adolescencia por parte da parella e deriva finalmente nun caso de violencia de xénero. Hai espirais perigosas.

A xeito de reflexión, e como pais e nais, debemos ser conscientes de que os móbiles que manexan os nosos fillos non son xoguetes e por outra

banda debemos exercer tamén a responsabilidade de controlar o uso que lle dan.

En canto ás escolas, na medida en que instrúen persoas, deberían recuperar materias como a tan deostada Educación para a Cidadanía, que afondaba nos valores e na empatía, esa calidade tan necesaria de saber poñerse no lugar do outro. Tampouco sobraría nos colexios a figura do educador social.

Os problemas son parte da vida, pero non se resolven con violencia nin tampouco con matemáticas, senón con tolerancia e comprensión cara á diferenza. Non somos números nin letras. Somos persoas e a ser boa persoa tamén se aprende.

Tribuna de opinión

O rural, cuestión de fe

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Sabémonos vulnerables pero aínda temos ganas de loitar polo que nos doe, e iso quizais sexa a única esperanza á que poidamos agarrarnos. Ninguén cre máis nas potencialidades do rural e no seu futuro cá xente que o habitamos, pero ás veces pónennos o panorama tan difícil que vivir nel semella unha cuestión de fe, de resistencia, de convencemento en que aínda é posible facelo cos mesmos dereitos e os mesmos servizos públicos dos que goza, poñamos por caso, un veciño da Coruña.

Situacións como a vivida este mes de setembro en Santiso, coa calidade do ensino no seu colexio ameazada pola supresión dun mestre, son pequenas gotas dunha realidade

na que o rural semella importar pouco. A realidade son os feitos, non os discursos, e demostrámonos que o rural vai a menos en todos os aspectos.

Un mestre non significa nada para unha administración enorme pero significa moito para unha comunidade pequena. A veciñanza de Santiso, que vive no rural e non habita un despacho, soubo entender esa realidade e por iso se mobilizou, como fixo en moitas ocasións anteriores, para defender o seu e dar unha vez máis un exemplo de unidade. Conseguiron o seu propósito; a formiga venceu ao elefante. Pero no aire aínda queda unha pregunta: só protestando se pode garantir un ensino digno no rural?

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado, Vanesa Martínez, Xosé Núñez

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Laura Díaz, Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	5
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	12
-CULTURA E LECER.....	15
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

A directiva do Atlético presenta un proxecto “deportivo e social” para transformar Melide

Contempla a construción dun macro complexo na contorna do polígono e un plan de dinamización agraria financiados integramente con capital privado

O Atlético Melide prevé dar inicio no curto prazo a un macroproxecto deportivo e social que de saír adiante está chamado a converterse nun motor de desenvolvemento futuro para todo o interior de Galicia.

Trátase dunha iniciativa de carácter “socio humanitario” que transcende o ámbito do deporte e busca “o rexurdimento social e económico” de Melide e dos concellos limítrofes. Así se recolle no informe inicial que a xunta directiva do club presentou ante os socios o pasado 17 de setembro e a través do cal se fixeron públicas as liñas mestras deste proxecto que prevé construír numerosas infraestruturas na contorna do polígono industrial da Madanela e que será financiado na súa totalidade con capital privado.

“Quando empecei con isto jamás pensei chegar a semejante magnitude”, asegurou o presidente do Atlético, Cesáreo Iglesias, “lo máis normal sería estrellarse pero agora estamos en situación de avanzar, yo mesmo casi ni me lo creo”.

O proxecto deportivo

Óscar Vilariño, secretario do club, foi o encargado de debullar un proxecto que no aspecto deportivo contempla a construción dun gran complexo de infraestruturas que permitirían a práctica de numerosas disciplinas, así como a celebración de campionatos nacionais e internacionais.

En concreto, segundo se recolle en dito informe, preténdese construír campos de fútbol (de herba e artificial) con pistas de atletismo, un pavillón polideportivo, unha piscina olímpica e outra para adestramentos e para a práctica do waterpolo. O proxecto tamén inclúe pistas de patinaxe, de tenis, de pádel, de escalada frontal e un frontón. Ademais recóllese a construción dunha escola deportiva e de formación con ximnasio, spa, sauna, sala de masaxes e fisioterapia, habitacións, restaurante con



A xunta directiva do Atlético Melide trala presentación pública do proxecto no Edificio Multiusos

comedor e cafetería, entre outros servizos. Asociados a este complexo construíríanse un hotel, unha gardería e un centro residencial e asistencial para a terceira idade.

Outras instalacións que contempla o plan son un circuíto profesional de terra de rallies e motocrós e outro asfaltado para automobilismo e motociclismo, que sería o primeiro de Galicia. Habilitaríase na Agolada. O proxecto prevé o saneamento do Río Furelos e a construción dun camping nas inmediacións, así como un parque acuático e outro temático dedicado á gastronomía e á cultura galega.

Dende o Atlético Melide estiman que todas estas infraestruturas permitirán crear máis de 600 postos de traballo.

O proxecto agrícola

O outro gran eixo de actuación centraríase na agricultura da comarca e tería como eixo vertebrador un Merca Melide situado no polígono industrial que se convertería en punto de recepción de verduras, hortalizas e produtos do campo achegados por agricultores de 80 concellos Galegos para a súa

posterior distribución e comercialización. Arredor deste foco de actividade quere incentivarse a creación de invernadoiros e viveiros, así como conseguir unha denominación de orixe para a verza e o grelo e fomentar a súa produción en toda a comarca.

Localización e prazos

Todas as infraestruturas se erguerían na contorna do parque empresarial da Madanela, sobre solo industrial de titularidade pública e sobre terreos incluídos no Banco de Terras. Segundo explica o presidente do club, o Merca Melide construírías dentro do propio polígono e o complexo deportivo nos terreos situados á outra marxe da estrada N-547, ocupando unha grande extensión que incluíría tamén parte de solo do Concello de Toques, co que xa houbo contactos.

En canto aos prazos de execución, Cesáreo Iglesias amósase optimista. Asegura que xa teñen permiso para comezar co estudo topográfico da zona e cre que antes de que remate o ano xa se poderán ver as primeiras máquinas traballando sobre o terreo.

Un inversor descoñecido

“El dinero, que es lo más difícil, está asegurado”, comenta Cesáreo Iglesias sobre o elevado investimento que requirirá este macroproxecto, cun orzamento aínda sen detallar polo miúdo pero que superará en calquera caso “los mil millones de euros”. Todo se fará con capital privado achegado por un inversor cuxo nome non se fixo público pero que o propio presidente do Atlético equiparou con Míster Marshall pola transformación económica e social que suporía a súa aposta pola comarca e sobre todo por Melide.

Nesa asemblea cos socios do 17 de setembro estivo presente un representante de dito inversor (que tamén prefire manterse no anonimato), quen asegurou que “vamos a invertir máis de lo que invierte la Xunta en cinco años”, ao tempo que puxo o foco sobre a vertente agrícola do plan: “el deporte es importante y la educación de los niños también, pero lo que más nos interesa es la producción agrícola. Vamos a eliminar la penuria del campo y la gente del rural va a ser quien

AS FRASES

“Jamás pensé en llegar a semejante magnitud cuando empecé. Lo normal sería estrellarse”

“Cuando estuve a punto de tirar la toalla, la Xunta no me dejó caer; tuvo un papel crucial”

Cesáreo Iglesias
Presidente do Atlético

“Máis ca un tema deportivo este proxecto é un tema humanitario”

Jesús Varela
Fundador do Atlético

haga todo”. Quixo recordar tamén que “esto no deriva de un estudio hecho ahora. Llevamos tiempo trabajando y hace años ya se intentó hacer cosas aquí en colaboración con la cooperativa [Melisanto]”.

Dito representante estivo acompañado polo responsable do estudo de deseño, arquitectura e enxeñaría que se encargaría da parte técnica e construtiva do proxecto. Na súa intervención destacou o importante papel que xogarán as administracións públicas autonómica e local á hora de tramitar permisos e ceder terreos, parte dos cales están incluídos dentro da Rede Natura.

Ningún representante da Xunta e do Concello de Melide acudiu á presentación aínda que ámbalas dúas institucións están moi interesadas no proxectos, segundo afirma Cesáreo Iglesias, que agradeceu publicamente o “apoyo sin fisuras” prestado pola alcaldesa de Melide, Dalia García, e destacou o “papel crucial” que xogou a Xunta de Galicia: “en los momentos difíciles me animó, no me dejó caer, las llamadas telefónicas eran diarias y me levantaron el ánimo”.

DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

ASESORÍA

CC Xestión

Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Prebetong

Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76

Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

CARPINTERÍA

Aluminios Melide

Pol. Madanela, 86
981 50 73 12

Blangar

Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18

Carpintería Laya

Rua Palas de Rei, 8
981 50 52 83

Maderas

Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Aceiteiro

Rda. da Coruña, 34
981 50 50 13
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62

California 66

Rosaleda, 5
687 77 64 36

Calitex

Galicia, 4
981 50 51 54
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60

Cárnicas García

Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00

Carola Moda 2000

Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49

Casa Juanito

Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03

Casa Santos

Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96

Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53

Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21

Colorín Colorado

Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60

Cooperativa

Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26

Deportes López

Avda da Habana, 5
981 50 54 25

Distribuciones**Mella**

Xoán XXIII

981 50 60 68

Ekaté

Cantón de San Roque, 11

881 97 74 17

Electrosan

Martagona, 13

981 50 79 64

Estanco Angarela

Progreso, 9

981 50 60 96

Electricidade Vilela

Avda de América, 34

981 50 59 00

El mundo del pintor

Avda. Lugo, 43

981 50 90 77

Espomasa

Ctra. Melide-Toques,

km 8, Toques

981 50 59 71

Establecimientos**El Mueble**

Rda. Pontevedra, 2

981 50 50 89

Estación de Servicio**Corredoiras**

Corredoiras, 14,

Boimorto

981 51 60 04

Eurocadena

Cantón de S. Roque, 9

670 29 29 17

Ferretería Noguero

Convento, 28

981 50 50 29

Floristería Maru

Convento, 9

981 50 75 80

Floristería Strelitzia

Cantón S. Roque, 46

881 81 91 01

Floristería Tarrío

Amador Rguez, 7

981 50 61 64

Frutas Nati

Pol. Ind. A Madanela

600 44 80 92

Fuciños Rivas

Rda. da Coruña

981 50 50 47

Imaxina

Florentino Cuevillas, 4

881 95 70 87

Imprenta Meligraf

Rúa Galicia, 26

981 50 62 56

Intres Fotografía

Avda. de Toques, 2

881 97 42 24

Jim Sports**Technology**

Madanela S/N

981 50 64 34

José Xaneiro

Avda. Toques, 57

981 50 53 35

Joyería Oro Ley

Rúa de San Pedro, 14

981 50 54 68

Joyería Silvela

Rda. da Coruña, 40

981 50 59 97

La Cortina

Avda. Lugo, 43

981 50 63 58

Laia Zapateiros

Praza Convento, 4

626 25 20 54

Leiva Motosport

Rda. da Coruña, 52

981 50 73 34

Librería Cousas

Avda. da Habana, 29

981 50 57 75

Librería Víctorio

Taboada Roca, 1

981 50 50 55

M&M Moda

Rda. da Coruña, 58

981 94 24 15

Magnín

Rda. da Coruña, 32

881 99 84 49

Marvi

Rúa do Convento, 16

981 50 71 94

Medusa Moda

Rda. da Coruña, 26

881 97 82 79

Melimática

Otero Pedrayo, 6

981 50 78 81

Mis mejores labores

Avda. América, 3

657 43 56 99

Mobles Ares

Rda. da Coruña, 62

981 50 55 64

Modas El Dándolo

Convento, 15

981 50 63 70

Muebles Paula

Crta. Lugo, km 46,

981 50 57 34

Muxica Tenda**Xoven**

Rúa do Convento, 36

981 50 63 66

Óptica Abal

Rda. da Coruña, 16

981 50 60 97

Óptica Melide

Rúa do Convento, 17

981 50 54 67

Óptica Novalux

Rda. da Coruña, 20

981 50 51 99

Ortopedia Ortosaúde

Rda. Pontevedra, 16

981 50 78 74

Panadería e**Pastelería Toques**

Avda. de Lugo, 31

981 50 51 81

Pastelería Estilo

Rúa do Progreso, 6

981 50 51 53

Pastelería Triskel

Novoa Santos, 32

981 50 50 98

Perfumería Lyss

Rda. da Coruña, 44

981 50 76 84

Pescados e**Mariscos Manolo**

Rosaleda, 10

629 81 20 29

Ramón Cabado

Avda. Toques, 30

981 50 51 37

Ramón Pampín**Bango**

Rda. de Pontevedra, 105

981 50 75 26

Recambios Sando

Avda. de Lugo, 10

981 50 54 19

Recambios**Vulcano**

Avda. de Lugo, 99

981 50 62 18

Ribeirao

Convento, 12

981 50 50 18

Romero Zapaterías

Rda. da Coruña, 29

981 50 53 56

Rubén Pacior S.L.

Pol. Madanela, 100-102

981 50 70 11

Sanoguera Fotografía

A Casilla, 1 - Moldes

622 22 28 10

Sisuka

San Pedro, 5

881 97 58 62

Sport Moda

Cantón de S. Roque, 38

981 50 76 17

Stardemoda

San Pedro, 10

626 56 49 02

Sueños

Alexandre Bóveda, 2

981 50 71 87

Suministros**Industriales Cire**

Pol. Madanela, 22

981 50 79 54

Supermercados**Gómez**

Amador Rodríguez, 3

981 50 70 27

Tu Boutik

Rda. Pontevedra, 61

881 05 63 94

Zapatería Pequeños

San Pedro, 4

981 50 79 66

Xebre

Mateo Segade, 1

981 50 57 23

Xoiería Roval

Alexandre Bóveda, 12

981 50 54 31

Const. Leonardo**Miguélez**

Santa María, Melide

981 50 52 73

Const. Pichel Hnos.

Avda. Estación, 2, Lalín

986 78 07 59

Costoya Varela, J.

Rda. Pontevedra, 51 1º Iz.

981 50 70 89

Cubiertas**Hermanos Blanco**

Pol. Ind. A Raña, rúa 7.

O Barco de Valdeorras

988 33 52 94

Excavaciones**Paradela**

Ribeiro, s/n

981 50 55 92

Hijos de Casal**Mariño**

E. Álvarez Carballido, 1

981 50 53 10

Hormigones Carral

Sta. María de Veira,

As Travesas, Carral

981 50 50 25

Hormigones Myhnor

Pol. Ind. A Madanela,

Parcela 30

981 17 36 16

Marmolería Melide

Gosenxe, Ribadulla,

Santiso

981 50 55 18

O comercio de Melide presentará nun desfile as coleccións de outono-inverno

Volven as chuvias e baixan as temperaturas. É momento de renovar o armario e o comercio de Melide está cheo de propostas para todos os gustos.

Co obxectivo de dalas a coñecer entre a clientela, Asetem está a organizar un desfile no que os establecementos asociados presentarán as súas respectivas coleccións para a tempada outono-inverno que acaba de comezar. Celebrarase o día 15 de outubro a partir das 18:00 horas na Casa da Cultura e nel poderanse ver prendas para muller e home de todas as idades, zapatos e complementos. Tamén se amosará roupa de festa, lencería e propostas de perruquería.

O prazo de inscrición segue aberto para as tendas que queiran participar neste desfile que levará por título *Melide está de moda*. A falta de coñecer o número exacto de participantes, xa é seguro que a pasarela terá unha posta en escena orixinal que se artellará arredor dunha temática concreta. Incluirá



Desfile organizado por Asetem no Pazo de Congressos en 2011

proxeccións audiovisuais, elementos propios do teatro e actuacións musicais.

O acceso ao desfile terá un custo de 5 euros e as entradas poderanse mercar nas oficinas de Asetem en horario de mañá, de 8:30 a 14:00 horas. Pola súa banda, os establecementos participantes regalarán entradas entre os seus clientes máis fieis para que poidan asistir gratuitamente.

Melide está de moda é unha iniciativa que xurdiu a proposta dos propios comerciantes asociados e que Asetem non dubidou en apoiar dende o primeiro momento. En palabras do presidente da patronal, Manuel García, “sempre tivemos interese por potenciar a imaxe de Melide como o centro comercial aberto que somos e este proxecto, sen dúbida ningunha, contribúe a iso”.

Curso de Inglés en Asetem para a hostalería e o comercio

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), atendendo unha demanda feita por numerosos socios e socias, está a organizar un curso de inglés orientado ao sector do comercio e da hostalería de Melide.

Será impartido por profesionais da academia de ensino O Pequeno Besbello e terá unha duración indefinida que será maior ou menor en función do progreso dos participantes e das necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso. Haberá dous días de clase á semana no salón de actos de Asetem e o horario, preferiblemente de tarde-noite, será acordado polos asistentes para que se adapte o máximo posible á actividade dos seus respectivos negocios. A formación incluírá unha parte de gramática e outra de expresión oral e conversa con profesor nativo.

Inicialmente este curso está dirixido só aos negocios asociados a Asetem e aos seus traballadores. En caso de que non se cubra a totalidade das prazas poderán participar outros

establecementos da vila non asociados. As persoas interesadas en participar deben anotarse antes do 15 de outubro nas oficinas de Asetem. Tamén poderán facelo chamando ao número de teléfono 981 50 61 88.



Mercamelide deixa o xermolo dunha futura feira da automoción

Os concesionarios de Opel e Kia propóñenlle a Asetem organizar unha mostra na que se impliquen todas as ramas do sector

O éxito dun Mercamelide non só se mide polo nivel de vendas e pola maior ou menor afluencia de público, senón tamén polas propostas e iniciativas futuras que achegan os comercios participantes a raíz da súa propia experiencia. Neste senso, a 18ª edición deixou enriba da mesa a idea de celebrar unha feira da automoción que reúna baixo o mesmo paraguas aos diferentes representantes do sector na vila, unha proposta formulada polos concesionarios que estiveron presentes na última edición: Kia e Talleres Mejuto (Opel).

Ámbolos dous foron a principal novidade do XVIII

Mercamelide, ao que acudiron para amosar ao público os últimos modelos das respectivas marcas. “A nosa intención é que a xente saiba que estamos no polígono, por iso vemos nesta feira un xeito de darnos a coñecer máis ca de vender”, declarou a responsable de Kia en Melide, Mar Fiúza, “agora mesmo é un investimento que nos supón máis gastos ca beneficios pero calquera tipo de mostra compensa a longo prazo”. Na mesma liña se pronunciou Roberto Mejuto dende o concesionario oficial de Opel na vila: “vimos para ensinar, non para vender”, asegurou, “o 90% da xente non coñece os

modelos e por iso hai que presentarse e facerse ver; a partir de aí vén o resto”.

Feira de automoción

Tala súa participación no Mercamelide os dous concesionarios coincidiron á hora de sinalar que a experiencia “tivo resultado para ser o primeiro ano” pero que a feira “ganaría moito máis se estivese implicado todo o sector”. Nesa liña trasladáronlle á Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), da que forman parte como socios, a conveniencia de organizar “unha feira de automoción como se facía antes, na que participe o maior número posible de concesio-



Kia e Opel foron a novidade do XVIII Mercamelide

narios e na que poidamos presentar os modelos de coches que temos”, comentou Roberto Mejuto.

Desa idea tamén é partidaria a responsable de Kia, quen considera necesario que a mostra se abra “incluso ás tendas de recambios, de rodas e outras relacionadas co sector”. Baralla como boas datas para organizala os meses de

abril ou maio e propón enfalca “como unha exposición e non tanto como unha feira”.

Con esta proposta enriba da mesa Asetem, que foi quen animou aos concesionarios a participar no Mercamelide “para darlle máis visibilidade a un sector con moito potencial”, estuda agora o xeito de levar do papel á práctica esta posible feira da automoción.

Asetem promoverá a implantación de roldas de vixilancia no polígono

As deficiencias en materia de seguridade son un motivo de preocupación constante para o empresariado do polígono da Madanela ao que Asetem tratará de poñer remedio no curto prazo promovendo a implantación das roldas discontinuas. Así é como se coñece o sistema de vixilancia que consiste en realizar visitas intermitentes e programadas aos diferentes lugares obxecto de protección.

Dito servizo sería prestado por vixilantes de seguridade privados e os custos compartiríanse entre todos os empresarios e empresarias que se adscribisen. Deste xeito a vixilancia do polígono sería máis económica cantas máis empresas participasen do proxecto, ao que se poderían sumar tamén todo tipo de establecementos comerciais e hostaleiros da vila, suposto no que as roldas se farían extensibles ao casco urbano.

Ditas roldas adaptaríanse ás necesidades de cada empre-



sario/a, ao igual que a periodicidade das mesmas. As inspeccións realizaríanse en base a un estudo previo que determinaría os puntos máis vulnerables de cada nave ou establecemento e aos que se prestaría especial atención.

Pola súa banda os vixilantes reportarían de maneira inmediata calquera incidencia detectada, incluso con captura de imaxe, e emitirían periódica-

mente un informe co resultados das inspeccións.

Charla en Asetem

Para afondar máis neste tema, e noutros relacionados cos novos métodos de seguridade en polígonos industriais, Asetem realizará unha charla informativa na súa sede o vindeiro venres 29 ás 20:30. Será impartida por expertos da empresa compostelá A-1.

Chegan ao Pastor Barral os vales-desconto do Bono Asetem

Xa é tradición que coa chegada do outono comencen a circular pola vila os vales con 6 euros de desconto que a patronal melidense reparte por estas datas dende hai cinco anos. Fiel á súa cita, a campaña do Bono Asetem regresa e desta volta aterra no centro de ensino primario Mestre Pastor Barral. A patronal repartirá 100 vales-desconto, por un valor total de 600 euros, entre os socios da ANPA, contribuíndo deste xeito a facer un pouco máis doada a temida “volta ao cole”.

Pais e nais dos cativos poderán entregar o bono en calquera dos 150 comercios e empresas asociadas a Asetem. O desconto de 6 euros aplicaráselles no momento de mercar, sempre e cando a compra sexa superior a 30 euros. Ao igual ca na pasada edición, os vales-desconto deberán ser utilizados antes do 30 de novembro, data a partir da cal caducarán.



Aumenta un 20% no último ano o número de pemes con páxina web

O avance das novas tecnoloxías aplicadas ao comercio é imparable e os datos dan fe diso: segundo a Consellería de Economía e Industria, no último ano o número de pemes con conexión a internet que dispoñen de páxina web aumentou un 20%, situando a Galicia como a cuarta autonomía con máis microempresas presentes na rede.

No que aos consumidores se refire, o número de internautas galegos que mercan por internet duplicouse nos últimos anos, unha tendencia que segundo a Xunta “está chamada a seguir medrando na comunidade”, onde máis do 70% dos fogares ten conexión a internet de banda larga.

Estes e outros datos foron obxecto de análise na xornada sobre comercio intelixente que organizou a Xunta a principios de setembro na Cidade da Cultura e na que cinco comer-



O conselleiro de Industria, Pilar López, e a dir. xeral de Comercio

ciantes expuxeron a súa experiencia e o xeito en que dan resposta ás necesidades da clientela a través das novas tecnoloxías e dun produto diferenciado.

Á cita asistiron representantes dos centros comerciais abertos de Galicia, entre os que estaba a xerente de Asetem.

Pilar López aproveitou a quenda de intervencións para instar á administración a facer un maior seguimento das iniciativas innovadoras que subvenciona: “é importante axudarlle aos emprendedores a despegar, pero logo a eses proxectos hai que darlles continuidade e aí é onde falla o apoio”.

Visita da conselleira ao polígono

A conselleira do Medio Rural, Ánxeles Vázquez, estivo o 6 de setembro en Melide para visitar as empresas do polígono que foron beneficiarias de axudas para o desenvolvemento de pequenas industrias no rural. Visitou as instalacións de Suministros Industriais Cire, Simer Grumerosa e Antonio Méndez Romero, receptoras dun total de 135.537 €. Tamén comprobou as obras para o novo matadoiro de aves Poulet Royal, así como os traballos que se levan a cabo na empresa Rubén Pacior, dedicada á transformación de castañas. Este e outro proxecto ubicado tamén en Melide foron beneficiarios de 5,6 millóns.

Menos empresas gandeiras

A creación de empresas relacionadas coa gandería e a agricultura perde peso ano tras ano en Galicia. De 75 compañías que se crearon no ano 2012 dentro deste sector pasouse a 56 en 2015, segundo os últimos datos recollidos polo IGE. A tendencia obedece á crise dos prezos do leite e ás mellores perspectivas que ofrece a explotación do monte. De feito, os negocios vinculados á actividade forestal trazan unha senda distinta: dos 26 constituídos en 2012 pasouse a 52 o ano pasado. En conxunto, nos 8 primeiros meses do ano creáronse en Galicia un 20% máis de empresas ca no mesmo período de 2015.



Una cosa es decir que trabajamos en PRO de su negocio. Otra es hacerlo:

Cuenta Expansión Negocios PRO.

Una cuenta que pone a su alcance financiación a la medida de su negocio.

10%

Te abonamos el 10% de tu cuota de asociado*.

+

0

comisiones de administración y mantenimiento**.

+

Gratis

Una tarjeta de crédito y una de débito por titular y autorizado.

+

TPV

Terminal punto de venta en condiciones preferentes.

Y muchas más ventajas. La **Cuenta Expansión Negocios PRO** es la cuenta pensada para que despachos profesionales, autónomos, comercios y pequeñas empresas se hagan grandes.

Llámanos al **902 383 666**, identifícate como miembro de tu colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.

Estas condiciones se mantendrán mientras se cumplan los requisitos establecidos en el contrato. Actualmente, como mínimo se debe cumplir uno de los siguientes requisitos: un cargo en concepto de emisión de nómina, un cargo en concepto de seguros sociales, un cargo en concepto de impuestos o dos cargos en concepto de recibos. Estos requisitos son de cumplimiento mensual: si al tercer mes no se cumplen estas condiciones, automáticamente la Cuenta Expansión Negocios PRO pasará a ser una cuenta relación.

*Hasta un máximo de 100 euros anuales por cuenta, con la cuota domiciliada. El abono se realizará durante el mes de enero del año siguiente.

** Rentabilidad 0% TAE.

Puede hacer extensiva esta oferta a sus empleados y familiares de primer grado.

bancosabadell.com

Captura el código QR y conoce nuestra news 'Professional Informa'



EMPREENDEDORAS EN MELIDE

CRISTINA MAGNÍN CARABALLO, “MAGNÍN” (Ronda da Coruña, nº 32)



“Apostei por roupa que senta ben”

Magnín é unha tenda dirixida a mulleres de todas as idades

“Tengo toda la fe y la esperanza de que va a ir bien”. Cristina Magnín é optimista con respecto ao futuro da tenda de roupa para muller que acaba de abrir no número 32 da Ronda da Coruña, en Melide.

Nela séntese coma peixe na auga, pois é o resultado dunha vocación que a acom-

pañou toda a súa vida: ao principio en Bos Aires, lugar do que é orixinaria e onde sempre se dedicou á venda. Logo en Melide traballando durante nove anos noutro comercio da vila. “Fue ahora cuando se dieron las circunstancias para aventurarme”, comenta, “emprender es difícil y los últimos meses han sido

de mucho desgaste físico y psicológico pero el camino que empieza ahora, atendiendo al público y gestionando el día a día, será más fácil”.

Máis alá do nome da tenda, que coincide co apelido da promotora, Magnín ten moito da personalidade e das vivencias da propia Cristina. No deseño do establecemento, espazoso, cheo de luz e cunha estética urbana, tivo moito que ver a man de Javier Porto Cebreiro, arquitecto de interiores que conseguiu que o resultado fose “el que yo quería”, comenta Cristina. Magnín está tamén cargado de simboloxía: “el color azul me gusta mucho porque es el color del cielo, del mar y sobre todo porque también está presente en la bandera argentina”. É a mesma

cor do logotipo de Magnín, no que aparece o abanico como “símbolo español” para conseguir “una mezcla entre mis raíces y el lugar del que siento que formo parte ahora”.

Non foi doado escoller as prendas que xa colgan das perchas de Magnín pero Cristina tivo claro dende o primeiro momento a liña que quería seguir. Por iso apostou por marcas como Jocavi, Silvia Godino, Guitare, Colcci, Hanny Deep ou a firma canadense de luxo Frank Lyman. “Apuesto por prendas buenas con las que sabes que siempre vas a acertar, esas que quieres tener en el armario para una ocasión puntual, para un trabajo que te exige buena imagen o para una cita a la que quieres ir bien vestida”.

“Es ropa que, simplemente, sienta bien”, afirma Cristina para fuxir das etiquetas. “La gente te clasifica como tienda cara o barata pero no se trata de eso”, explica, “esta es una tienda de ropa con buen corte y buenas telas”.

Baixo esas filosofía as cores e as texturas desta temporada inundan xa os estantes de Magnín: verde militar, gamas tostadas, a cor millo, negro combinado con branco, o punto, a la, o pano, o neopreno... para todo tipo de mulleres. “Trabajo desde la talla 34 a la 54. La tienda está dirigida a clientas de todas las edades. Que encuentren lo que necesitan va a depender más del estilo de cada una de ellas que de los años”, conclúe Cristina.



N NEGOCIOS

CADA DÍA, ABRIMOS CONTIGO

Comercios tradicionales, profesionales liberales, autónomos, pequeñas empresas, tiendas *on-line*. Con CaixaBank Negocios **llegamos donde está tu negocio, en persona.**

En CaixaBank, sabemos que abrir tu negocio día tras día supone esfuerzo y dedicación constantes. Por eso, ponemos a tu disposición un **gestor especialista** que irá a verte para ayudarte personalmente con las mejores herramientas de gestión, financiación, protección y previsión.

Negocios,
en persona

ADO
Olympic
Patrocinador del
Equipo Olímpico

www.CaixaBank.es/Negocios

NRI: 1517-2016/09681

 **CaixaBank**
Negocios

RESTAURANTE PARRILLADA PILMAR
MARIÑO

- DESAYUNO • MENU
- COMIDAS PARA GRUPOS
- ESPECIALIDAD EN CARNES AL A BRASA




Santa María, s/n.
15800 MELIDE (A Coruña)

Tlfno.: 981 50 76 17
606 59 04 46

Especialidade: carnes e pescados á brasa

MENÚ DO DÍA



EVENTOS PRIVADOS
XUNTANZAS DE AMIGOS
PRIMEIRAS COMUÑÓNS
CUMPREANOS
DESPEDIDAS DE SOLTEIROS
CEAS DE EMPRESA

CLINICA DE FISIOTERAPIA LAURA

981 50 72 81

Laura Ferreiro Varela
Fisioterapeuta colg. 992

plaza de las universidades, nº6, bajo
15800 MELIDE (A Coruña)



Sandra Abad
CENTRO DE FISIOTERAPIA

Ronda de Pontevedra, 46 - Melide
Tlf.: 981 06 86 09 - 672 47 55 80

clínica dental



melident
laboratorio propio

- odontoloxía xeral
- ortodoncia
- implantes
- prótesis
- ortopantomografía

Tfno.: 981 507 508 - Rda. de Pontevedra, 67, b.
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno.: 981 516 601 - Rúa Casal de Munín, 2, b.
15818 BOIMORTO (A Coruña)

O Cantón lucirá nova cara tras un investimento de 455.000 euros

O Concello de Melide asinou un convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente grazas ao cal acometerá unha reforma integral do Cantón de San Roque e anheará a beirarrúa da Avenida de Lugo no tramo que vai dende a pulpería Garnacha ata o propio Cantón. Os traballos teñen un orzamento de 455.000 euros e comezarán previsiblemente a finais de outubro, cun prazo de execución de 6 meses.

Segundo explicou a conselleira do ramo, Beatriz Mato, na visita que realizou a Melide para asinar dito convenio, o Cantón de San Roque será obxecto dunha “posta en valor” que incluírá a mellora do axardinamento e do mobiliario urbano, facéndoo “máis moderno, funcional e adaptado aos tempos”, xunto cunha reurbanización do espazo e a supresión das barreiras arquitectónicas.

A este respecto a alcaldesa, Dalia García, expresou nunha entrevista radiofónica que se lle vai dar “outro aire” pero



O proxecto inclúe o anheamento da beirarrúa da Avda. de Lugo

conservando a vexetación que hai e mantendo a súa esencia “como punto de encontro fundamental para os melidenses” e “lugar de reunión e festexos”.

No que á reforma da beirarrúa se refire, o obxectivo dos traballos é “revitalizar a principal arteria da vila”, dixo a Conselleira referíndose á Avenida de Lugo, “pola que ademais discorre un dos grandes patrimonios do Concello, como é o Camiño de San-

tiago”. A alcaldesa opina que trala reforma, que se fará “respectando o comercio local e os negocios de hostalería”, os peregrinos e veciños transitarán dunha maneira “máis cómoda e segura”, ao tempo que a entrada do Camiño na vila quedará “en consonancia coa que ten a outra marxe da estrada”.

Os traballos enmárcanse dentro do Plan HURBE da Xunta, que busca humanizar os espazos urbanos.

“Unha oportunidade perdida”

A visita da Conselleira de Medio Ambiente a Melide coincidiu cun novo episodio de problemas na rede de saneamento da vila. Nesta ocasión foi na parroquia de Santa María, onde se detectou a existencia de vertidos incontrolados de augas residuais na pista que conduce ao cemiterio novo como consecuencia, segundo o PSOE de Melide, dun fallo nos motores da estación de bombeo, que estiveron unha semana sen arranxar.

Tras denunciar publicamente a situación, os socialistas melidenses tildaron de electoralista a visita de Beatriz Mato e acusaron á alcaldesa de perder unha oportunidade de ouro para que a conselleira comprobase “in situ” os “graves problemas de saneamento” e comprometése novos investimentos.

Dende a Consellería sosteñen que investiron 9 millóns de euros dende 2009 en saneamento e que hai aprobada una nova partida de 165.000 € para actuacións en Santa María.



Inscripción nas Escolas Deportivas

Xa está aberto o prazo para matricularse no curso 2016/2017 das Escolas deportivas e culturais. Ata o 30 de setembro adultos e cativos poderán inscribirse achegándose ao Concello e cubrindo unha ficha máis achegando o certificado do número de conta bancaria. Entre as actividades ofertadas para os cativos están o fútbol sala, a patinaxe, teatro, pintura, danza moderna e ballet. Para os adultos: pintura, fotografía, corte e confección e ximnasia no rural. Para todas as idades: gaita, percusión, acordeón, baile galego e pandeireta.

Voluntariado no Camiño

Dende o 6 de setembro oito mozas e mozos están a desenvolver labores de voluntariado no Camiño de Santiago ao seu paso polo municipio. Forman parte do programa “Melide no Camiño”, que recalou na vila por segundo ano consecutivo baixo o auspicio da Dirección Xeral de Xuventude. Os voluntarios e voluntarias están a realizar labores de apoio aos peregrinos en diferentes puntos do Camiño Francés, tarefa que desenvolverán durante dous meses e pola que perciben 6 € diarios. Unha vez finalizado o programa entregaráselles un diploma.

Dalia García: “o curso comezará no Conservatorio dentro do prazo legal”

O arranque do curso volve estar un ano máis cheo de incertezas no Conservatorio Municipal, que permanece sen unha data fixada para o inicio das clases, co profesorado sen contratar, coas probas de recuperación de setembro sen facer e agardando a que un xulgado emita sentenza sobre as denuncias interpostas por nove mestres en relación coa forma na que o goberno local os contrata dende 2011; someténdoo cada curso a un proceso selectivo.

Ante a inxenuidade xerada por esta situación entre os pais e nais, que en base á experiencia de anos anteriores xa presentaron en xuño un escrito con 50 sinaturas no Concello solicitando que este curso comezase en setembro, a alcaldesa lanza unha mensaxe de tranquilidade. Dalia García ex-

plica que as bases de contratación do profesorado xa foron publicadas o día 21 e que antes de que remate o mes “darán comezo as probas de selección e faranse os contratos coma todos os anos”. Con esa previsión de prazos garante que as clases no Conservatorio comezarán “dentro do prazo legal”, que ten como límite a segunda quincena de outubro.

O mesmo argumento esgrime en relación coas probas de recuperación de setembro: “a alcaldía está en contacto coa Delegación de Educación e na medida en que no conservatorio se imparte un ensino regrado, existe a facultade de facer unha convocatoria extraordinaria”, asegura Dalia García. “Os exames faranse en tempo”, engade. A rexedora, non obstante, non oculta a súa preocupación polas demandas

interpostas polo profesorado. Asegura que o goberno local está “á espera do que diga a sentenza” e fai fincapé en que estes anos “o proceso administrativo foi impecable”.

Grave parálise

O PSOE de Melide sostén que o Conservatorio Municipal está sumido “nunha grave parálise” e que iso obedece á xestión realizada polo goberno local. O voceiro dos socialistas, José A. Prado, pídelle á alcaldesa “que lle explique inmediatamente ao pobo as medidas que vai adoptar para sacar o Conservatorio desta situación” e adianta que solicitarán unha entrevista co inspector de Educación de zona “para que nos informe das actuacións que ten pensado levar a cabo en defensa dos dereitos da comunidade educativa”.

A unidade veciñal evita a supresión dun mestre no colexio de Arcediago



Pais, nais e veciños concentráronse todas as mañás ás portas do centro durante 6 días

Todos a unha. A presión social exercida pola comunidade educativa do colexio de Arcediago, apoiada pola veciñanza e pola corporación municipal de Santiso, conseguiu frustrar os plans que a Consellería de Educación tiña preparados para o inicio do curso: a supresión dunha praza de mestre e a unificación do alumnado de 1º, 2º, e 3º de primaria nunha aula e 4º, 5º e 6º noutra.

Tralas reunións infrutuosas mantidas a finais de verán coa Xefatura Territorial de Educación (“instaláronse no non”, aseguran dende a ANPA

A Xuntanza), pais e nais non dubidaron en pasar a maiores para garantir “un ensino digno” para os seus cativos.

As protestas comezaron co primeiro día de clases, ás que non asistiron os cativos, senón os seus familiares e veciños co obxectivo de concentrarse diante da escola. Así transcorreu unha semana ata que, ante a ausencia de resultados, a ANPA iniciou unha recollida de sinaturas a través da plataforma Change.org ao tempo que solicitou permiso para manifestarse ante a Delegación de Educación na Coruña.

Co pobo mobilizado, os autobuses avisados e as pancartas dispostas para seren despregadas, chegou a chamada do xefe territorial: a Consellería mantiña o profesor, máis suprimía a mestra de pedagogía terapéutica que lles daba apoio cinco horas á semana aos nenos con necesidades especiais. Dito servizo, non obstante, manteríase e sería prestado polo novo mestre.

A proposta pareceu razoable pero a ANPA esixiu un compromiso en firme: “chegáronlles os rumores de que nos íamos plantar alí e por iso ti-

A loita por unha escola e por unha vida digna no rural

Os pais e nais de Santiso souberon dende o primeiro momento que a loita iniciada contra a supresión dun mestre no colexio tiña dous camiños: garantir que os seus fillos fosen educados en igualdade de condicións co resto e non deixar que o seu entorno esmorecese un pouco máis.

Así o manifestaron día tras días nas súas conversas durante as concentracións á porta da escola: “por un lado véndennos que hai que coidar do rural e que hai que levantalo e por outro dismantélano, empezando polos nenos, que son a base do concello”, esgrimiou unha nai indignada e convencida de que vivir no rural resta dereitos, “non me parece ben que os meus fillos reciban unha ensinanza precaria e peor ca outros. Eu cando pago impostos non me fan descontos por ser de Santiso”. Ao seu carón, outra nai engadía: “isto é un recorte político puro e duro. Na cidade non se atreven a facelo porque lles saltan enriba pero aquí aínda que perdan 100 votos dálles igual. Atacan ao máis débil”.

veron tanta présa”, afirma a presidenta, Pilar Sesto, “chámáronme por teléfono a fin de semana pero non me conformei, e xa que era inviable un compromiso por escrito, pedínlle ao xefe territorial que viñese en persoa a Santiso falar cos pais e nais”.

Así foi como, no comezo da segunda semana de mobilizacións, Indalecio Cabana acudiu á escola de Arcediago para reunirse nunha aula coas preto de 50 persoas que xa agardaban concentradas ante as portas do centro. Segundo explica Pilar Sesto, o xefe territorial de Educación comprometeuse a que mentres el permaneza no cargo e o número de alumnos non des-

cenda considerablemente de 40 se manterán os tres mestres no colexio. “O día que quedemos con trinta teremos que ser realistas”, di Sesto, quen descarta non obstante que esa situación se vaia producir no medio prazo. Este curso, con 40 rapaces e rapazas, hai un máis ca o ano pasado e a previsión é que nos próximos a cifra “se manteña máis ou menos igual ou incluso repunte algo”.

A presidenta da ANPA asegura estar “satisfeita” coa situación na que finalmente queda o colexio: “perdemos a mestra de apoio pero temos a garantía de que ese servizo se manterá igual a través do novo profesor.

Inclúen as hortas de autoconsumo nas axudas por danos do xabaril

A consellería de Medio Ambiente amplía as axudas para paliar os danos producidos polos xabarís, tendo presente que nesta época do ano existe un maior nivel de conflictividade. Ata o momento este tipo de axudas só compensaban os danos en explotacións profesionais pero trala modificación tamén serán beneficiarias as explotacións destinadas ao autoconsumo, sempre e cando poidan xustificar que os danos foron producidos polo xabaril. Tamén as persoas que exerzan

a actividade agraria e estean inscritas no Rexistro de Explotación Agrarias de Galicia.

A ditas axudas a consellería destinará un orzamento de 600.000 € e o importe máximo por persoa e ano será de 1.500 €, aínda que os danos excedan esta cantidade. As indemnizacións estableceranse en €/m2, cosas seguintes compensacións: millo en gran 0.14, millo forraxeiro 0.13, trigo 0.11, centeo 0.11, pradería 0.11, pataca 0.42, hortalizas (cenoria, repolo, nabo) 0.64,

hortalizas (coliflor, berenxenas, leitugas..) 1.70 e uva 0.55.

Os agricultores deberán comunicar o dano no prazo máximo de tres días dende que se produciu, chamando ao teléfono 012. Dende ese momento disporán dun mes para presentar a solicitude de compensación. A convocatoria de axudas remata o 10 de outubro, día a partir do cal non se poderán comunicar danos.

Por outra banda, a directora xeral de Conservación da Natureza, Ana María Díaz,



explicou que se ditarán novas instrucións para axilizar a autorización de batidas e eliminar o límite de dous exemplares por batida durante o período

de maior incidencia. Díaz indica que “non se trata de exterminar ao xabaril, senón de propiciar unha convivencia entre a especie e os recursos”.

A Deputación accede a custear o cambio do trazado nas curvas do Toxo

O investimento previsto é de 647.000 € e inclúe a mellora da travesía de Souto con novas beirarrúas e pavimentación



O alcalde de Toques, o presidente da Deputación, o tenente de alcalde e o deputado de Facenda

As curvas do Toxo teñen os días contados. A Deputación da Coruña, atendendo unha demanda histórica do Concello de Toques, poñerase mans á obra para modificar 650 metros de trazado da estrada que une a capital municipal con Melide e acabar así cun dos puntos negros da rede viaria comarcal.

Ese é, cando menos, o

compromiso asumido polo presidente da institución provincial durante a visita que realizou ao municipio a finais do mes de agosto. Valentín González Formoso anunciou que a Deputación acometerá a totalidade do proxecto redactado polo Concello para mellorar o trazado e eliminar as curvas existentes entre os puntos quilométricos 4,060 e 4,650,

que rexistran unha elevada concentración de saídas de vía e accidentes, especialmente no inverno e días de choiva. Ademais tamén se actuará na travesía de Souto, onde se construírán novas beirarrúas e se pavimentarán algo máis de 800 metros de estrada.

Debido ao elevado custo do proxecto, orzado en 647.767 euros, a Deputación decidiu

executalo en diferentes fases, repartindo o investimento en dous exercicios presupostarios. Así o explicou González Formoso, que definiu a DP-4604 como unha estrada importante a nivel comarcal e “vital para Toques”.

Acompañado polo deputado de Economía e Facenda, Antonio Leira, e por técnicos do departamento de Vías e Obras, González Formoso visitou en primeiro lugar o Concello, onde foi recibido polo alcalde, José Ángel Penas, e pola corporación municipal. Xa no salón de plenos o rexe-

dor agradeceu a visita do presidente provincial a un concello “pequeno e con poucos recursos, un dos de menor renda per cápita de Galicia, pero con moitas ganas de facer cousas”. Pola súa banda González Formoso apuntou que os 778.808 euros que a Deputación investiu no último ano no municipio supoñen “unha porcentaxe moi importante doorzamento municipal e axudaron a mellorar numerosas infraestruturas”.

Trala recepción no Concello a comitiva visitou a igrexa de San Antolín.

Melide demanda sendas peonís e melloras nas estradas provinciais

Ademais de Toques, Melide foi tamén punto de parada para o presidente da Deputación na súa visita á comarca, enmarcada na rolda de contactos que está a manter con todos os rexedores da provincia. Ao igual que fixo en Toques e meses antes en Santiso, González Formoso referiuse ante a corporación melidá “ao compromiso da institución provincial cos pequenos municipios do ámbito rural, onde concentramos o noso esforzo inversor, xa que son os que contan con menores recursos para atender as necesidades dos veciños”.

Nesa liña o presidente destacou que os investimentos dos distintos plans provinciais en Melide supuxeron unha inxección económica de 1.510.000 euros, “incrementando asignacións como o Plan de Emprego, que multiplica por catro o seu orzamento e que permite contratar máis persoal durante máis tempo para mellorar os servizos”.

Trala recepción o presidente provincial e alcaldesa, Dalia García, mantiveron unha reunión de traballo na que a rexedora trasladou algunhas das necesidades do municipio, entre elas a construción de sendas peonís nas Barreiras e Santa María, así como melloras nas estradas provinciais.

Vinte persoas fórmanse en atención sociosanitaria no obradoiro “O fogar da montaña”

A volta ao cole non só é cousa dos cativos. Tamén algúns adultos da comarca regresaron ás aulas co fin do verán, como é o caso das 20 alumnas que dende principios de setembro se están a formar en atención sociosanitaria a persoas no domicilio e a persoas dependentes en institucións sociais. Son as participantes do obradoiro de emprego “O fogar da montaña”, promovido polo Concello de Sobrado xunto con outros cinco municipios da comarca: Toques, Boimorto, Vilasantar, Curtis e Mesía.

Dito obradoiro, financiado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, está dirixido a persoas en situación de

desemprego e terá unha duración de seis meses. Trala presentación realizada o pasado 2 de setembro, a ensinanza de saúde comeza na Casa da Irmandade de Sobrado, na cal se habilitaron dúas aulas de formación e outra de prácticas, as cales se completarán nos respectivos concellos de cada alumna así como na residencia de maiores de Boimorto.

Agárdase que a inserción laboral do alumnado sexa moi alta debido á gran demanda de persoal cualificado que existe neste sector dos coidados ás persoas, especialmente no medio rural. Os rexedores agardan que contribúa tamén á mellora na prestación do servizo.



Alumnado do obradoiro e alcaldes dos concellos participantes na xornada de presentación

O colexio de Toques estrea curso como centro plurilingüe

O Colexio de Educación Infantil e Primaria de Toques é un dos 26 centros educativos de Galicia que este curso incorporou o ensino plurilingüe ás súas aulas. Deste xeito, dende o pasado 12 de setembro o alumnado de primeiro curso xa está recibindo en inglés a materia de Educación Artística e Plástica.

O número de centros plurilingües é cada vez maior en Galicia. De feito, case se duplicou nos últimos catro anos. No curso 2012-2013 eran 148 os centros acollidos a esta estratexia da Xunta “para mellorar as competencias en lingua estranxeira”. No curso 2015-2016 a cifra ascendeu a 256 e este ano serán 282. Deles, o 29% teñen implantado o plurilingüismo en toda a etapa educativa de Primaria e Secundaria.

Con todo, a incorporación do ensino de Educación Artística e Plástica en inglés non foi a única novidade no inicio de curso en Toques, pois o centro estreou patio cuberto, vendo así cumprida unha longa demanda de pais e nais. “Despois de reunírnos varias veces co xefe territorial de Educación conseguimos que lle dera o visto bo e facer esta obra que tanto tempo levabamos esperando”, comenta o alcalde, José Ángel Penas, “agora cando chova os nenos poderán saír para fora sen necesidade de mollarse”.



Cuberta instalada este verán no patio do CEIP de Toques

A Galiña Azul de Sobrado abre de novo con cinco cativos matriculados



Cativos, familiares e coidadoras co alcalde de Sobrado na xornada de portas abertas da gardería.

Tras dous anos pechada o rebumbio e a alegría volven á gardería da Galiña Azul de Sobrado, que abriu de novo as súas portas este curso con cinco cativos; o máis pequeno de 8 meses e o maior de dous anos e medio.

Aínda que o número de matriculados non é moi elevado o alcalde, Lisardo Santos, considera que a escola infantil non se abriu en falso e amósase optimista con respecto ao futuro: “a maioría dos nenos teñen arredor dun ano, así que

outro par de cursos van estar. Ademais no Nadal hai un novo prazo de matrícula e pódese apuntar algún máis, a maiores dos que están en camiño”, afirma en referencia ás “boas perspectivas de natalidade” que ten o municipio de cara ao futuro máis próximo. “Logo todo depende do que queiran facer os pais con eles”, explica, “pero a realidade agora mesmo é que a Galiña Azul está aberta e iso é unha boa noticia para os veciños de Sobrado”.

A apertura da gardería

converteuse nun empeño persoal do rexedor dende o seu acceso ao goberno local. Xa o curso pasado presionou ao Consorcio Galego de Benestar, a entidade dependente da Xunta que xestiona a escola, para que a puxese en funcionamento ou lle cedese as instalacións ao Concello para poder darlle outro uso.

Ao igual cá gardería de Sobrado tamén abriron de novo este curso outras dúas escolas infantís do rural: a de Crecente e a de Cartelle.

FOTODENUNCIA: IMOS CONTAR MENTIRAS, TRALARÁ...



Polo mar corren as lebres, polo monte as sardiñas, imos contar mentiras tralará... as ciroleiras dan mazás e no río nadan as ovellas tralará... Vaites!! Que nisto non hai mentira senón verdade. Verdades



que superan a ficción de calquera canción da infancia: o río Ulla á altura da ponte de Belmil convertido en tumba para unha ovella morta e un campo de Toques no Portillón en leira para sementar froita



Xavier Pazo

podre e xa embalada. Cando comezaremos a darnos de conta que contaminar o medio é contaminar a nosa casa? Pasa o tempo e non aprendemos. Iso si que parece mentira. Tralará...

Melloras nos accesos a explotacións

O Concello de Sobrado vén de rematar as obras do Plan Marco, a través do cal Agader subvencionou con 85.655 euros a mellora de camiños municipais e os accesos a explotacións gandeiras. As actuacións realizáronse nas aldeas de Martín, Gándaras e Sandá, na parroquia da Ciadella, e A Lagoa, Barrio e Orxás na parroquia de Grixalba. Tamén se acondicionou o acceso á área recreativa do Campo Francés cunha achega da Deputación.

Camiñada por Visantoña

Co obxectivo de concienciar sobre os beneficios que ten na saúde camiñar ao aire libre, o Concello de Santiso está a organizar unha andaina de 14 quilómetros para o vindeiro sábado 8 de outubro pola ruta de sendeirismo homologada de Visantoña. Dará comezo ás 09:30 horas con punto de saída no Pazo de Vilar de Ferreiros. Pode anotarse quen queira antes do 6 de outubro no concello ou chamando ao 981 81 85 01. A camiñar!

SAN CARALAMPIO, 70º ANIVERSARIO

JUAN MANUEL PRADO “BARULLO”, ORGANIZADOR

“Para seguir facendo dous días de festa a xente ten que colaborar máis”

O San Caralampio acaba de cumprir 70 anos de historia. Desa historia forma xa parte Juan Manuel Prado, máis coñecido na vila por Barullo, a persoa que leva dúas décadas á fronte da organización dunha das festas máis emblemáticas de Melide. Fanático das charangas e defensor da traca sen aviso, Barullo reclama un luns festivo “para que o domingo a xente poida aproveitar ata o final e despois descansar”.

- Quedou satisfeito co resultado da última edición do San Caralampio?

- J.Manuel Prado (J.P.): Saíu de marabilla, aínda que quizais non houbo tanta xente coma outros anos porque nos inflúe moito o Festival da Luz. Este ano fixemos dous días porque era o 70º aniversario e a verdade é que deu moi bo resultado. A xente quedou contenta, estivo moi animada e todo o mundo dixo que o día que se fixo a maiores, o sábado, foi unha marabilla. Gustou moito a actuación dos grupos de música tradicional. Eu quedei encantado co comportamento da xente, tanto polo día como pola noite. Non houbo ningún follón, simplemente se pasou ben e punto.

- Seguirá habendo dous días de festa en vindeiras edicións?

-J.P.: Iso fíxose de maneira excepcional porque era o 70º aniversario. Se a xente se por-

tara ben por min non habería problema ningún. Pero para iso hai que colaborar máis, especialmente a da zona dos viños. Se non hai presuposto non se poden facer dous días. Farase un, como antigamente, e pequeno. Eu recordo que antes só se traía unha charanga, a Banda do Peto e a orquestra da noite. Non había outra cousa e a xente conformábase. Pero o certo é que canto máis se traía, mellor para o pobo.

- “A nosa festa”, como lle chaman ao Caralampio, é unha das máis agardadas pola xente de Melide. A que cre que se debe isto?

-J.P.: A xuventude principalmente é a que está agardando con máis ansia a que chegue ese día. Non queren o San Roque, queren o San Caralampio. Pero non só xente de Melide; véñenche de Barcelona, de Bilbao... deixan 5 ou 6 días de vacacións e volven adrede para esta festa. É moi coñecida fóra

de aquí e de moita tradición.

- Que é o que fai do Caralampio unha festa distinta e tan singular?

-J.P.: Ten moitas cousas que gustan e que non atopas noutras festas. Por exemplo a traca final, que é un dos momentos máis agardados. Algunhas persoas dinme que nunca avisamos, pero niso está o chiste: non se pode avisar! Tamén temos o concurso de debuxo Alberto Lafuente, con premios para todos os participantes e o campionato de tiro á lata, que é moi popular. Tamén son típicos do Caralampio os pementos con cachelos e o viño gratis ata que se acabe. E, por suposto, a Banda do Peto, que esta edición tivo bastante éxito. Se cadra aínda imos a Lugo para tocar no San Froilán. Hai 37 anos que non imos. Tamén este ano gustou moito o cartel que fixemos, deseñado por Xosé Manuel Broz. Pedíronme



Barullo co cartel do San Caralampio 2016, deseñado por X.M Broz

moitos para enmarcalos e levalos para fóra.

- Como leva organizar practicamente en solitario unha festa coma esta?

-J.P.: Axudoume a pedir un amigo de Moldes e despois sempre hai quen me bote unha man nos días previos, pero pódese dicir que o que corre con todo son eu. Levo uns vinte anos organizando esta festa. Costa bastante facela porque hai moi pouca marxe de tempo; ata que remata o San Roque non podes empezar a pedir e despois quedanche tan

só dez ou quince días. O bo é que en xeral todo o mundo se porta bastante ben. Vou pedir polas tendas e por aí adiante e non teño problema.

- Á marxe da organización, como disfruta Barullo do Caralampio?

-J.P.: A min o que máis me gusta son as charangas. Queren que vaia con elas e paso o día acompañándoas por toda a vila. E despois pola noite a xente sempre quere que cante coa orquestra, así que subo ao palco media hora, baixo, volvo subir...


SAN CARALAMPIO. ESTABAS??



A N O S A F E S T A

70º
aniversario

CASCO VELLO
de
melide



esquina
café - bar
hospedaje

C/. Ichoas, nº 1
15800 Melide (A Coruña)
Tfno.: 627 570 685

Adega
MANDIL



Tfno.: 981 505 753 - Rúa Alberte de la Fuente, 6
15800 MELIDE (A Coruña)



Bar LIÑARES

Bo viño,
especialidade en
comida caseira.



Tfno.: 981 50 51 84 - 15800 MELIDE (A Coruña)



San Antonio, 3
MELIDE

NOVO
bar
ALENTE

HOTEL **Restaurante**

Xaneiro

PX

Pensión Xaneiro, s.l.
Tel.: 981 50 50 15
San Pedro, 22 - Melide

HX

Hotel Xaneiro, s.l.
Tel.: 981 50 61 40
Avda. Habana, 43 - Melide

www.hotelxaneiro.com



RÚA DO CONVENTO, 5
TLF: 981 50 74 92






Floristeria MARU
www.floristeriamaru.es

Tel. 981 50 75 80 / 607 507 579
floristeria.maru@gmail.com

Rúa do convento, 9 - 15800 - Melide - A Coruña



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)



Plagostel
N.R.S. (B177-GAL-GFD)
calidad e hixiene alimentaria
www.plagostel.com
986 118 714

HOTELES
ALBERGUES
CASAS RURALES
GIMNASIOS
BALNEARIOS
...

¿Necesitas cumprir con el Real Decreto 865/2003 por el cual se establecen criterios hixiénico-sanitarios para la prevención y control de la Legionelosis?

AGACPRA
Asociación Galega de Control de Plagas



AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso
C. 1678

Miguel Fernández López
C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º
Tlf.: 981 506 455 - 661 580 004

MELIDE

Arón Ayude consegue dous bronce no mundial de kick boxing en Dublín

Ninguén dubida xa que Escuela Ayude é unha fábrica de futuros deportistas de elite. Demóstrao cada vez que acude a torneos de alto nivel e volvemento facer este verán de man dun dos seus pupilos máis laureados, Arón Ayude, no Campionato do Mundo de Kick Boxing en categoría júnior e cadete que se disputou en Dublín o pasado 2 de setembro.

O deportista melidense regresou de terras irlandesas con dúas medallas de bronce colgadas do pescozo conseguidas nas probas de flyghtpoint e kicklyght. Nesta última modalidade Ayude tivo a final a tiro de pedra, pois foi dominando en todo momento o “duro” combate da rolda previa contra o loitador croata que finalmente se proclamaría campión, máis finalmente “as decisións arbitrais prexudicaron ao español e apeárono da final”, explica o seu adestrador, José Ayude. “Non houbo sorte



Arón Ayude en Dublín tras gañar unha das medallas de bronce

pero o bo nivel estaba aí e estas medallas saben a gloria”, declarou o tamén director da sala de loitas melidense.

Cos seus dous bronce Arón Ayude foi o deportista da selección española, integrada por 34 loitadores, que máis preseas conseguiu. O equipo nacional logrou en total 8 medallas (1 ouro e 7 bronce), destacando

tamén a actuación da compostelá Paula Villar, adestrada por Juancho Vázquez na sala do Multiusos do Sar, que foi o lugar escollido pola Federación Galega de Kick Boxing para realizar os adestramentos previos ao mundial. En Dublín estiveron 2.000 deportista de todo o mundo, dos cales 11 eran galegos.

O museo busca fotos

O Museo da Terra de Melide solicita a colaboración da veciñanza para recadar datos e fotografías sobre os antigos coches das feiras e sobre as empresas de transporte de viaxeiros e mercadorías que houbo na vila. O obxectivo do chamamento é xuntar a máxima información posible sobre o tema para completar con material achegado polo pobo un dos principais traballos que se incluírá no próximo boletín informativo, o número 29, no que xa se está a traballar.

Os responsables do museo recordan que dito boletín está aberto á participación de quen o desexe e quen queira pode colaborar achegando artigos ou traballos de elaboración propia vinculados coa historia, a arqueoloxía, a arte, a etnografía, os costumes e o folclore da Terra de Melide. Os traballos deberán remitirse antes do 30 de outubro. Terán que estar en formato Word ou PDF e escritos en galego.



Museo Terra de Melide

Ómnibus Saurer, o primeiro autobús de Melide. Anos 20

O lixo atopado no Furelos diminúe pero “aínda queda moito por facer”



Un ano máis a Asociación de Troiteiros organizou tres xornadas de limpeza e retirada de lixo do leito do río Furelos e as súas marxes. Nos tres sábados que se levou á cabo esta actividade (27 de agosto, 3 e 10 de setembro), retiráronse en total 510 quilos de material, entre o que destaca un colchón de espuma, un rulo de herba, un cabalo de xoguete, pezas dunha lavadora, plásticos de silo, restos de uralita, cordeis, latas, roupa ou botellas de vidro. Nas tarefas de limpeza participou unha media de 24 persoas en cada quenda procedentes de concellos da comarca como Palas de Rei, Sobrado, Toques, Arzúa, Santiso, Melide e mesmo doutros como a Coruña ou Madrid.

O presidente da asociación, Xavier Pazo, sinala que tras doce anos realizando limpeza no Furelos “a cantidade de lixo atopada diminuíu”, o que ao seu xuízo demostra que “as campañas foron calando nas persoas e a conciencia ecolóxica sobre a importancia dos ríos medra”. Non obstante, engade, “queda moito por facer”.

Festa da Xuventude de Brañas



Son moitas as xuntanzas se realizan na nosa comarca ao longo do verán, pero poucas as que chegan a converterse nunha tradición anual. Entre elas está a Festa da Xuventude de Brañas, no Concello de Toques, que se repite puntualmente dende 2003 e na que participan mozos dende os 16 ata os 45 anos. A xuntanza celebrouse este ano o 2 de setembro e coincidiu coa festa da Capela, de xeito que a mocidade aproveitou para acudir a ela e así colaborar coa comisión de festas. Tamén para “facer unión entre as parroquias”, segundo explicaron. O tradicional xantar fíxose no bar de Ángeles, en Brañas, onde degustaron unha gran paella e un cabrito asado. Tampouco podían faltar as camisetas con lema características de toda boa festa: “en Brañas nacín, en Brañas me criei, pillei a miña primeira borracheira e foi o día que mellor o pasei”. A xuntanza foi todo un éxito e os organizadores esperan seguir facéndoa durante moitos anos máis.

XORNADA INFORMATIVA

NOVOS MÉTODOS DE PROTECCIÓN EN ENTORNOS INDUSTRIAIS

XOVES 29 DE SETEMBRO ÁS 20:30
NA SEDE DE ASETEM
(R/ Lino Sexto Sánchez, 1)

Puntos a tratar:

- Información sobre o novo marco legal en Seguridade Privada
- Como rendibilizar ao máximo o labor de vixilancia e protección
- Como adaptar o servizo ás necesidades de cada empresario/cliente
- Información sobre novas tecnoloxías de vídeo aplicadas en seguridade

Organizan:



**ABERTO PRAZO
INSCRIPCION**

CURSO

2016-2017

PARA TODAS AS IDADES
PRAZAS LIMITADAS



**PANDEIRETA E CANTO
ACORDEÓN
PERCUSIÓN
BAILE
GAITA**

CONTACTO: 606 017 420



ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL HERBA GRILEIRA



**HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE** ★ ★ ★



VILARIÑO (SAMBREIXO) - PALAS DE REI - LUGO

TELF: 982 153 232 / 982 374 135
679 035 713 / 679 035 714

E-mail: info@balnearioriopambre.com
web: www.balnearioriopambre.com

LINDES

A longa experiencia acumulada tras moitos anos de traballo amplía fronteiras. Lindes abre unha nova oficina en Palas de Rei chamada a ser un referente en toda a comarca da Ulloa nos sectores das medicións, a inmobiliaria e os seguros.



Queres ser modelo? por un día ?

Se es muller e tes máis de 18 anos, chama ó **628 67 00 09**


(de luns a venres de 18:00 a 20:00 horas)

CASTING
na Casa
da Cultura

**O teu soño
pode facerse
realidade**

*Modista
M. Luisa
Pereiro*

**Agasallo
dun vestido para
as seleccionadas**



LINDES



Inmobiliaria



Sucesiones
(Derechos Reales)



Particiones



Mediciones



Seguros



Catastro



www.lindesmelide.com

info@lindesmelide.com

981 935 108

Ronda da Coruña 68, Baixo Izda. 15800 (Melide)

NOVA OFICINA EN PALAS DE REI

Tlf.: 982 380 280 - 669 345 966
Rúa Ourense, nº 4

Eu fun á escola á Ponte

Vanessa Martínez, xornalista

Houbo un tempo no que este país no que vivimos se dividía harmoniosamente entre os dos pobos e os das aldeas. Os rapaces das aldeas pasabamos a nosa infancia no “grupo”, e coa adolescencia andando chegabamos ao instituto de Melide.

Era o decorrer natural, e tamén a maneira na que se vertebraba naturalmente a poboación.

Alguén decidiu pouco despois que non hai matiz ningún entre un colexio da Martagona e un colexio da Ponte. Nin entre un colexio de Brañas e un

colexio de Visantoña. E por iso a tendencia é a vendernos que, en beneficio da igualdade –e da carteira–, está ben facer desaparecer os núcleos pequenos nos que, mal que lle pese a algúns, temos aprendido moito.

Neste tempo precisamente

de campaña política e sobre-dose de promesas, énchenos as pantallas de slogans nos que din loitar contra o despoboamento do rural, e o envellecemento da poboación, mentres as decisións tomadas nos despachos van xustamente na dirección contraria. Unha mostra pequena diso é o que pasou este inicio de curso no único colexio que queda no concello de Santiso.

A que se librou en Santiso non foi a loita por un profesor, nin a loita contra o peche dunha aula: foi a loita pola supervivencia do pequeno, do rural, do próximo, do noso. Non estamos mellor por ter un colexio máis novo nin máis cheo de nenos; estamos mellor por ter un servizo alí onde vivimos, cos nenos e nenas que se crían cos nosos, que forman unha comunidade, e que en

definitiva dan vida a un lugar. Darredor dun colexio no rural créanse os lazos entre os pais e nais; dinamízase a economía, organízanse actividades e revitalízase o motor social que dá vida a un territorio, aínda que non teña semáforos.

Téñense escrito centos de páxinas sobre as medidas que toman os gobernos para evitar o despoboamento rural e a fixación de poboación nova nas áreas máis abandonadas. Pero no momento no que hai que mover unha palla para facer algo, os que toman as decisións miran a outro lado, apagan o foco mediático para que non teña moito eco, disfrazan a cousa de caprichos de pais..., e segue a roda. Por sorte, as xentes das aldeas caracterízanse por ser constantes e fortes. Desta volta e neste caso, iso foi suficiente.



Ética para un mundo mellor

Santiago Prado (Chago), antropólogo

A ética foi obxecto de debate dende as sociedades Clásicas. De feito, xa Sócrates se preguntou como debemos vivir? A pesar de que tal cuestión pode entrañar respostas máis ou menos profundas ou transformadoras, na actualidade podemos preguntarnos como vivir xuntos? Partir dunha perspectiva que se sitúe alén do individuo achéganos ao campo do nosoutros, da vida en común e do compartido. Polo tanto, asumir unha posición ética pode ser unha boa opción.

Adela Cortina pon título a un libro cunha pregunta que nos leva a cuestionarnos, cando menos, tanto o nós como a propia individualidade: para que serve realmente a ética? Entre as respostas que ofrece, quedamos coa seguinte: “Para lembrar que é máis prudente cooperar que buscar o máximo beneficio individual, caía quen caía, buscar aliados máis que inimigos. E isto vale para as persoas, para as organizacións, para os pobos e os países. Que o apoio mutuo é máis intelixente que intentar desaloxar aos presuntos competidores na loita pola vida. Xerar inimigos é suicida”.

Esta resposta permítenos vislumbrar unha perspectiva centrada na rede e en que as persoas sexan capaces de transcender as súas condicións de existencia mediante a actuación nas contornas específicas e nas posibilidades que se atopan ao seu alcance. Para isto, unicamente é posible lembrar que os seres humanos somos seres sociais e culturais que podemos, mediante o e refuxio e apoio dos distintos grupos dos que participamos, utilizar as nosas capacidades. As cadeas que nos prenden son moitas; rachalas, modifícalas, cambíalas, sometelas a crítica e actuar en consecuencia, sexan quizais elementos importantes que nos permiten asumir que sen unha posición ética a vida será máis desiguala.

Cortina elixe tres conceptos que nos permiten reflexionar eticamente, como son os de compaixón, confianza e transparencia. Na miña opinión, a compaixón debe levar inherente o compromiso. A confianza debe ser bidireccional para que se constrúa. E a transparencia refírese ao campo da lexitimidade a ás relacións igualitarias. Polo tanto, se non somos quen de cuestionarnos os nosos dilemas, dificilmente xeraremos unha sociedade con maior benestar.

Prohibido comer salchichas

Xosé Núñez López, escritor



Unha reportaxe recente de TVE tróuxome á memoria o recordo do dirixible alemán coñecido como o Zeppelin, que foi visto atravesando Galicia nas súas primeiras viaxes como se fora seguindo o curso do río Ulla augas arriba. Ata lle escoitei dicir a algunha persoa da parroquia de Visantoña que o río lle servía de referencia nos voos para circular pola nosa terra, sen cavar que a escasa lonxitude do Ulla ben pouco lle podía servir de orientación a semellante aparello transoceánico.

O Graf Zeppelin, que voou por primeira vez o día 18 de setembro de 1928, foi a

maior aeronave do seu tempo. Era propulsado por cinco motores de grande potencia e podía transportar unha carga de ata 60 toneladas. Recordo que, vivindo eu na aldea de Seoane (Visantoña), saímos todos da casa cando comezaba a ser día para ver que aparello era o que facía tan grande e mesmo harmonioso ruído. O xa famoso Zeppelin voaba pese a non ter ás, circunstancia que deu pé a que un rapaz da aldea chamara a súa nai nai berrándolle: “mamá, mamá, ven correndo se queres ver unha porca polo aire”.

O alemán Ferdinand von Zeppelin foi o inventor

deste aparello que acadou o seu maior apoxeo durante a primeira guerra mundial. Fabricou Alemaña un segundo modelo denominado “Graf Zeppelin LZ-130”, sendo este o que acadou o récord de voo sen tocar terra naqueles tempos, quedando establecido en 128 horas.

O feito máis curioso é que para manterse no aire o Zeppelin levaba no seu interior globos de hidróxeno que se fabricaban coa pel do intestino das vacas. Para cada Zeppelin facían falta as tripas de 250.000 vacas. Estímase que ao final da primeira guerra mundial os alemáns construíran 140 dirixibles, polo que tiveron que sacrificar 35 millóns de vacas. Como estas mesmas tripas de vaca tamén eran utilizadas para confeccionar salchichas e outros embutidos, co obxectivo e optimizar recursos foi prohibida a produción desta clase de alimentos. Esta medida foi antipopular pero necesaria para intentar gañar a guerra. A prohibición non afectou só a Alemaña, senón tamén a Austria, Polonia, norte de Francia e a outras zonas que por aquel entón estaban baixo o control das tropas alemás.

PATRICIA GÓMEZ, SPORT MODA

“A popularización do deporte derivou nun cliente máis entendido e esixente”

É máis ca unha tenda de referencia nas vilas de Arzúa e Melide. Sport Moda representa tamén o vivo reflexo de como foi evolucionando e medrando a práctica deportiva na comarca; dende os tempos no que o chándal era para a ximnasia do colexio ata o día de hoxe, coa populariza-

ción de múltiples disciplinas deportivas, unha clientela especializada e coas prendas deportivas en estreita comunión co mundo da moda. De todo elo dá conta Patricia Gómez, testemuña de excepción de máis de 20 anos de traxectoria nos que Sport Moda estivo sempre á vangarda do deporte.

- Sport Moda ten xa unha longa traxectoria. Cantos anos hai que comezou a súa andaina?

-Patricia Gómez (P.G.): A primeira tenda abrímona en Arzúa no ano 1991. Estámonos achegando a unha data importante porque en decembro cumprimos 25 anos e casualmente tamén en decembro cumpre 20 anos a tenda de Melide. Para celebralo xa estamos pensando en facer algo especial durante todo ese mes enfocado á nosa clientela, con descontos e promocións.

- Como cambiou o mercado de roupa e calzado deportivo ao longo das dúas últimas décadas?

-P.G.: O cambio máis importante veu dado porque se empezou a practicar moito máis deporte e popularizáronse novas disciplinas. Antes existía o fútbol e nada máis. Cando abrimos a tenda, a diferenza de agora, os chándales e as zapatillas deportivas eran igual para home e para muller. Non había distinción nas cores, nin na feitura... en nada. Tampouco había roupa deportiva para bebés e a de neno e nena era moi escasa... por outra parte os prezos foron baixando; hai 25 anos non todo o mundo podía permitirse mercar unhas zapatillas de marca. E logo tamén apareceu por unha banda a roupa deportiva para levar pola rúa e por outra prendas especializadas para a práctica das diferentes disciplinas.

- O deporte é tamén unha cuestión de moda?

-P.G.: O deporte está metido na moda. É un feito. Antes vestir con roupa deportiva incluso non estaba moi ben visto e agora vas a calquera cidade do mundo que sexa icona da moda e ves a xente



Patricia Gómez (encargada) e Montse López (empregada) na tenda de Sport Moda Melide

moi ben vestida que leva algunha prenda deportiva ou zapatillas. Hoxe en día hai tanta variedade e tantas marcas que podes ir cómoda e ao mesmo tempo combinada ou, cando menos, ao teu gusto. Aquí as modas no deporte tardan en chegar, aínda que agora coas bloggers e as redes sociais xa tardan menos.

- Á hora de practicar deporte tamén hai modas. Cales están a ter máis auxe nos últimos tempos?

-P.G.: Aquí aínda non chegou, pero agora mesmo o crossfit está moi de moda nas grandes cidades. En Melide e Arzúa están calando, por exemplo, o ioga, a zumba e o pilates, que ata hai uns cinco anos nin se coñecían ou pensábase que non eran deporte. Logo temos o running, que nos últimos tempos foi sumando moitos

seguidores na comarca, e outros que teñen dende sempre boa aceptación, como o tenis, o pádel e a natación.

- A popularización do deporte derivou nun cliente máis entendido e máis esixente?

-P.G.: No caso das persoas que practican deporte con frecuencia, si. Normalmente xa chegan á tenda informadas e demandan prendas especializadas e de calidade. O bo que temos nós e que nas marcas Adidas e Reebok facemos pedidos semanais por catálogo. Deste xeito calquera cousa que queira o cliente, por moi específica que sexa, pódese pedir e nunha semana témola na tenda. Iso é algo que non se fai en todos os establecementos.

- Teñen un perfil de cliente determinado?

-P.G.: Eu diría que non. De feito nós abarcamos dende a talla 17 de bebé, que son patucos sen sola, ata a talla 48 - 50 de home. E no téxtil o mesmo, dende a talla cero meses ata a XXXL. Tamén temos variedade de marcas; unhas máis caras e outras económicas, para chegar a todos os petos.

- O Camiño de Santiago pasa por diante da súa porta. Son os peregrinos bos clientes?

-P.G.: Si, na tenda de Melide nótase moito. Compran bastante; normalmente ponchos, bastóns de trekking, xeonlleiras ou deportivos novos, porque xa levan camiño andado e moitos chegan con rozaduras.

- A liña deportiva é só unha das divisións da empresa familiar, que está apostando forte pola arte-

“En decembro celebraremos o 25º aniversario con descontos e ofertas especiais para clientes”

“Na empresa familiar temos un obradoiro de coiro integrado en Artesanía de Galicia”

sanía en coiro...

-P.G.: Así é. Trátase de Corzo Guarnicionería S.L. Dentro dela ademais das tendas de Sport Moda en Arzúa e Melide temos outra de equitación en Arzúa e un obradoiro artesán no que facemos produtos de coiro dende hai moitos anos; somos talabarteiros dende meu bisavó. A novidade é que dende xaneiro deste ano estamos integrados en Artesanía de Galicia. O obradoiro está no polígono industrial de Arzúa e nel facemos cintos, bolsos, mochilas, fundas para axendas, chaveiros.... algúns destes produtos témolos á venda nas nosas tendas de deportes pero tamén se poden mercar online en www.corzoartesanía.com.

Sport Moda

**Tlf: 981 50 76 01
Cantón de S. Roque, 38**



**2^{as}
gafas
GRATIS**

al comprar tus
mó progresivas
alta gama
197€

PVP recomendado. Hasta el 30/6/2016 por la compra de unas gafas graduadas (montura mó + lentes) por 197€ con lentes graduadas progresivas orgánicas antirreflejantes Beslayr Multigold 1.5 AR (límite de graduación sujeto al cuadro de fabricación del proveedor. Consultarlo en tu establecimiento), llévate unas segundas gafas gratis mó con la misma graduación que la primera y lentes Beslayr Multigold 1.5 AR. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

*Ronda de A Coruña, 20
15800 Melide
A Coruña*

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora

REXCE ÓPTICA: E-15-001238
REXCE AUDIO: E-15-001241